



# A Coruña

CIDADE  
EDUCADORA



## CONCURSO VIDEO-RELATOS

30 DE NOVIEMBRE

DIA INTERNACIONAL DA CIDADE EDUCADORA

**A cidade educadora non  
deixa a ninguén atrás**

Toda a información: [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)  
#EducatingCityDay



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



# QUE É A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS (AICE)?

Fundada en 1994, a Asociación Internacional de Cidades Educadoras ten como obxectivo difundir e promover o concepto de cidade como espiña dorsal da democracia e a cidadanía.

A súa filosofía parte da consideración de que a cidade será educadora cando recoñeza, exercite e desenvolva, ademais das súas funcións tradicionais (económica, social, política etc) unha función educadora; cando asuma a intencionalidade e responsabilidade cuxo obxectivo sexa a formación, a promoción e desenvolvemento de todos os seus habitantes, empezando polos/as nenos e nenas.

O próximo 30 de novembro celebraremos a sexta edición do DIA INTERNACIONAL DA CIDADE EDUCADORA, evento no que participan máis de 300 municipios de 20 países.

## **LEMA 2021: A CIDADE EDUCADORA NON DEIXA A NINGUÉN ATRÁS**

Especialistas de todo o mundo alertan sobre o impacto que a pandemia terá ao longo dos próximos anos, que tenderá a acentuarse naqueles sectores da poboación máis vulnerables.

Agora máis que nunca, as Cidades Educadoras debemos estar á beira da poboación que máis apoio necesita reforzando a igualdade de oportunidades, a inclusión, o progreso social e o crecemento sustentable.

Blindar e priorizar o investimento en educación, potenciar a formación, impulsar o emprendemento, apoiar a investigación, fomentar a innovación social e mellorar o fomento do emprego son, entre outras, algunhas das estratexias clave a priorizar.

Por todo iso, o lema para esta edición do Día Internacional da Cidade Educadora é: "A Cidade Educadora non deixa a ninguén atrás".



# CONCURSO VIDEO-RELATOS

Co fin de celebrar o DIA INTERNACIONAL DA CIDADE EDUCADORA o Concello da Coruña propón un CONCURSO DE VÍDEO-RELATOS orientado aos/as escolares dos centros do municipio.

## ERASE UNHA VEZ... UN MUNDO SEN EDUCACION PARA TODOS/AS.

(Sen oportunidades, sen acceso á cultura, sen inclusión...)

Baixo este tema, os centros participantes deberán realizar o seu vídeo-relato desenvolvendo algúns dos puntos establecidos na Carta de Cidades Educadoras que garden relación co lema "A Cidade Educadora non deixa a ninguén atrás":

- Diversidade e non discriminación.
- Acceso á cultura.
- Educación inclusiva ao longo da vida.
- Adecuación de equipamentos e servizos municipais.
- Promoción da saúde.
- Inclusión e cohesión social.
- Co-responsabilidade contra as desigualdades.

**Estas temáticas poderán desenvolverse de diversas maneiras por exemplo: remake dunha película infantil, creación dunha canción ou documental, falso documental...**

# BASES DE PARTICIPACION

Poderán participar todos os Centros Educativos do municipio da Coruña en representación dos seus alumnos/as que cursen calquera ciclo de Educación Infantil (incluídas Escolas Infantís de 0-3 anos) e Educación Primaria.

A mera presentación ao concurso suporá a aceptación das normas contidas nas presentes bases polo centro educativo e o seu compromiso a informar convenientemente sobre as mesmas tanto ao alumnado participante como aos seus proxenitores ou titores/as legais.

## MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

1

### **Pensa unha idea!**

Reúnete cos teus alumnos/as e que voe a creatividade!

2

### **Cumprimenta a Ficha de Inscripción na ligazón**

[https://edu.coruna.gal/coruna\\_educa\\_centros/main/login.php](https://edu.coruna.gal/coruna_educa_centros/main/login.php)

3

### **Ao choio!**

Elixide os decorados, os diálogos, a música... e a gravar!

4

### **Envía o vídeo e as autorizacións**

dos/as menores ao email  
[info@vitaevents.es](mailto:info@vitaevents.es)



## REQUISITOS DO VIDEO – CONTO

- O vídeo-relato deberá cingirse á temática exposta pero desde unha perspectiva que fomente a creatividade e a orixinalidade.
- O vídeo-relato terá unha duración mínima de 60s e unha máxima de 90s. O peso máximo será de 500MB.
- O vídeo-relato deberá gravarse cun teléfono mobil.
- Cada centro poderá participar en cada unha das 3 categorías co número de vídeos que desexen.
- O vídeo-relato poderá realizarse en calquera das linguas oficiais de Galicia.
- Poderán enviarse os arquivos en calquera dos seguintes formatos: mov, mp4, mpg, rm, wmv.
- Non se aceptarán traballos con contido abusivo, violento, obsceno, racista, sexista, ameazante ou que vulnere calquera dereito fundamental.
- O centro educativo será o responsable de enviar e recoller as AUTORIZACIÓNS de imaxe dos/as menores participantes asinadas polos seus proxenitores ou titores/as legais e remitir devanditos documentos ao email [info@vitaevent.es](mailto:info@vitaevent.es).
- Se no vídeo-relato aparecen imáxenes de persoas (exemplo: se se grava nun espazo público), estas deberán coñecer para que están a ser gravadas e dar o seu permiso para iso.
- O vídeo-relatos que se acepten poderán ser publicados na páxina web e as redes sociais do Concello da Coruña. Ademais, estes traballos poden ser publicados nos medios informativos, utilizados en edicións dixitais, producións audiovisuais ou editados en libros e folletos como material didáctico ou para calquera outro fin que o Concello da Coruña estime conveniente, tendo en conta que en ningún caso a utilización destes vídeos terá ánimo de lucro.

# CRITERIOS DE VALORACION

1

## CREATIVIDADE

O xurado terá en conta a orixinalidade do traballo.

2

## CALIDADE

Valorarase o coidado e a presentación dos traballos e a súa adaptación ao obxecto do concurso.

3

## MENSAXE

A adecuación do traballo para transmitir os valores da temática desta edición.

4

## VISION GLOBAL

O xurado valorará aqueles proxectos que transcendan a límites da aula e busquen involucrar a outras persoas os contornas e recursos educativos (bibliotecas, parques...)



# CATEGORÍAS



1

CATEGORÍA: Educación infantil  
(de 0 a 6 anos)

2

CATEGORÍA: 1º-2º e 3º de  
Educación Primaria

3

CATEGORÍA: 4º- 5º e 6º de  
Educación Primaria.

## PREMIOS

### PARA OS CENTROS

Outorgarase un premio por cada unha das categorías dun CHEQUE con valor de 100€ ao centro educativo para o gasto en material educativo.

### PARA O ALUMNADO

Os/as alumnos/as gañadores en cada unha das categorías recibirán un DIPLOMA e.... algunha sorpresa máis!

Celebrarase unha entrega de premios o día 30 de novembro no Concello da Coruña.

# ¡CONTACTA!

Se tes algunha dúbida contacta  
connosco!

EMAIL: [info@vitaevents.es](mailto:info@vitaevents.es)

TELEFONO: 985 30 82 17.





